

# A condicionalidade e o mantemento mínimo das superficies agrarias

## Boas condicións agrarias e medioambientais (BCAM)

### 1. Introducción:

A reforma da PAC do ano 2003 introduce a obriga, a partir do ano 2005, de que os agricultores cumpran determinadas normas referentes ás boas condicións agrarias e medioambientais, ao medio ambiente, á saúde pública, zosanidade e fitosanidade e ao benestar dos animais. O conxunto destas obrigas denomínase condicionalidade.

De seguido indícanse as **obrigas máis salientables** da condicionalidade con respecto ao mantemento mínimo das superficies agrarias dentro do ámbito das Boas Condicións Agrarias e Medioambientais,

### 2. Qué debe facer para cumprir co mantemento mínimo das superficies agrarias:

- As seguintes especies vexetais non poderán invadir, nin implantarse nas terras de cultivo:

#### Especies vexetais non desexables

Senecio spp. (herba cana, herba de Santiago....)

Rumex spp. (labaza)

Cirsium spp.(cardo)



Imaxe pradera con labazas



- Non se queimarán, nin decruarán pastos permanentes salvo para rexeneración. No caso de rexeneración do pasto mediante queima, deberá posuír a autorización pertinente.

- Manterase unha carga gandeira igual ou superior a de 0,4 UGM/ha nas zonas de montaña, 0,7 UGM/ha nas zonas desfavorecidas e 0,9 UGM/ha no resto das zonas da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de pasteiros que sexan pastos permanentes nos que non se alcance a carga gandeira axeitada, realizaranse os labores necesarios para evitar a invasión arbustiva e a degradación do pasto.

### 3. Lembre que:

No caso de que a Administración detecte que vostede non cumpriu algunha das obrigas da condicionalidade ou considere que non colaborou coa inspección, as axudas da PAC que percibe pódense ver reducidas e, en casos extremos, incluso anuladas.

### 4. Información adicional:

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas oficinas agrarias comarcais e nos servizos provinciais do FOGGA.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

